

ACTA DE ESTUDO DE DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA AO CLASIFICADO EN PRIMEIRO LUGAR E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DAS OBRAS DE: ACONDICIONAMENTO DA AC-543 AO SEU PASO POLO CONCELLO DE BRIÓN, ENTRE OS PP. QQ. 8+390 E 9+870.

Asistentes:

Presidente: Pablo Lago Sanmartín, alcalde.

Vogais:

-. Javier Nieves González, secretario.

-. Ana Isabel Candame Areosa, interventora.

-. M^a Dolores Torrado Ares, técnica de administración local.

Secretario: Julio Mallo Nieto, informático municipal.

Na Casa do Concello de Brión sendo ás 14,00 horas do día 11.03.2024, reúnese a Mesa de Contratación designada para a contratación mediante procedemento aberto simplificado das obras referenciadas.

Constitúe o obxecto da presente reunión proceder ao exame da documentación aportada pola empresa clasificada en primeiro lugar no procedemento arriba indicado, ao obxecto de comprobar que a mesma cumpre cos requisitos necesarios para propoñer ao órgano de contratación a adxudicación da devandita obra.

Con data 27.02.2024 a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, aprobou a clasificación de ofertas e requirimento de documentación á empresa clasificada en primeiro lugar EXCAVACIONES AGRA CASTRO S.L.

Dito acordo foi notificado a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o 28.02.2024 á empresa clasificada en primeiro lugar.

Con data 08.03.2024 a empresa clasificada en primeiro lugar, EXCAVACIONES AGRA CASTRO S.L. presenta en prazo a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP) a seguinte documentación:

-. Copia da garantía definitiva polo 5% do prezo final ofertado, excluído o imposto sobre o valor engadido, polo importe de: 48.181,40 euros, mediante aval bancario, tendo presentado o orixinal na tesourería municipal.

-. Copia da garantía definitiva complementaria polo 5% do prezo final ofertado, excluído o imposto sobre o valor engadido, polo importe de: 48.181,40 euros, mediante aval bancario, tendo presentado o orixinal na tesourería municipal.

Comprobados os datos que figuran no certificado de inscrición da empresa a día de hoxe no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia.

A Mesa de Contratación analizada a documentación presentada polo clasificado en primeiro lugar, considera que cumpre cos requisitos necesarios para que lle sexa adxudicada a devandita obra.

Á vista da documentación presentada a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

1º) Trasladar ao órgano de contratación proposta de adxudicación das obras de ACONDICIONAMENTO DA AC-543 AO SEU PASO POLO CONCELLO DE BRIÓN, ENTRE

OS PP. QQ. 8+390 E 9+870, á empresa EXCAVACIONES AGRA CASTRO S.L., con NIF: B15490527, polo prezo de: 1.165.990,00 euros, IVE incluído, que supón unha baixa respecto do orzamento de licitación de:73.109,74 euros, IVE incluído, así como no resto das condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa adxudicataria, por considerar que resulta a oferta máis conveniente para o Concello por ser a que incorpora o prezo máis baixo e xustificou a súa oferta, en aplicación dos criterios de adxudicación dos pregos, ao ser o único criterio o prezo. A duración inicial do contrato será de doce meses, a partir do día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do reformulo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo. O contrato só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

Non formulándose reclamación de ningún tipo, esténdese a presente acta que logo da súa lectura, asina a Mesa de Contratación en proba de conformidade, do que como secretario, certifico.